



Ferrol, a 21 de setembro de 2021

Estimadas Familias:

Somos un grupo de pais e nais comprometidos coa educación dos nosos fillos e fillas en particular, e coa mellora da comunidade educativa en xeral. Temos que ser conscientes de que as familias somos un membro máis da comunidade educativa, xunto co alumnado e o profesorado. O noso interese ao formar o ANPA é sobre todo e en primeiro lugar a educación dos nosos fillos e fillas, en colaboración permanente cos profesorado e coa equipa directiva do Centro.

Aceptamos o reto de asumir a dirección da ANPA e podémosvos asegurar que é un proxecto ilusionante e marabilloso. Non hai nada mellor que traballar polo ben dos nosos fillos/as. Tamén somos conscientes que estes primeiros meses serán complicados, pero tentaremos compensar todas as limitacións que teñamos, coa axuda e implicación de todos e todas vos, e as gañas e ilusión desta nova Xunta Directiva. A participación é voluntaria, e por iso, animamos a todas as familias a asociarse, xa que cantas máis sexamos mellor será para os nosos fillos, para a Asociación e para o colexio.

Podedes contactar connosco en calquera momento a través do noso teléfono: 604.00.56.59 e do correo electrónico: anpa.lestonnac@gmail.com. Ademais dispoñemos dunha caixa de correos de suxerencias situado na portería do colexio, á que todas as familias podédesvos achegar para transmitirnos as inquietudes e suxerencias que teñades.

Aproveitamos para indicaros que o horario de atención presencial no local do ANPA durante o curso será o seguinte: **Mércores de 16:30 a 18:00h**

Animámosvos a que vos asociades para que poidades participar activamente na mellora da calidade educativa dos vosos fillos e fillas e do centro. A participación é voluntaria e a **cota anual por familia para o curso 2021-2022 é de 25€**, independentemente do número de fillos matriculados. Todas as familias que xa eran socias en cursos anteriores deberán volver a cumprimentar a solicitude de inscrición que se adxunta ó final para ser novo socio do ANPA. Para o abono da cota tedes 2 opcións:

Ou o abono en man no local do ANPA no noso horario de atención a os socios (rogase importe exacto para evitar problemas de cambio) ou ben e preferiblemente TRANSFERENCIA BANCARIA ó seguinte nº de conta: **ES66 2080 0222 80 3000006653**. É preciso indicar no ordeante o nome do socio e enviar ó noso correo o xustificante do ingreso xunto coa solicitude de inscrición.

Coa ilusión e o traballo de todos e todas, seguro que podemos gozar aínda máis desta tarefa tan apaixonante de ser pais e nais.

Tamén queremos saudar nestas liñas á equipa directiva do centro, ca que sempre nos ofrecemos a colaborar na tarefa que se lles encomendou.

Un saúdo.

A Xunta Directiva

.....
Datos Pai/Nai/Titor:

Nome e apelidos da nai :

DNI : email:

Nome e apelidos do pai :

DNI: email:

Teléfonos de contacto :

Datos dos alumn@s :

Alumn@ 1 : Nome. Curso:

Alumn@ 2:Nome: Curso:

Alumn@ 3:Nome: Curso:

Firma da Nai

Firma do Pai